



NÚMERO DE EXPEDIENTE	PCO.001.2023.00587
CÓDIGO PROXECTO	2022.3.81990.3
DENOMINACIÓN	PSTD: PROXECTO XEOPARQUE CABO ORTEGAL

ANEXO 1: MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DE CONTRATAR

ASUNTO: **NGEU_CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ELABORACIÓN DE ESTUDOS DO TERRITORIO PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DO PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO PROXECTO DE XEOPARQUE CABO ORTEGAL, PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATIONEU (PRTR)_PSTD PROXECTO DE XEOPARQUE CABO ORTEGAL (E3.A08/E4.A10/E4.A13/E4.16/E4.A18)**

EIXO	3. Transición dixital	4. Competitividade	4. Competitividade	4. Competitividade	4. Competitividade
ACTUACIÓN	08. Formación e asesoramento para a mellora do posicionamento do destino en <i>Google Travel Journey</i>	10. Implantación de indicadores ETIS (<i>European Tourism Indicator System</i>) e modelo de xestión DTS	13. Creación dunha rede de centros de interpretación do Xeoparque Cabo Ortegal	16. Promoción da gastronomía e os produtos agroalimentarios locais	18. Plan de mellora e acreditación de pequenas empresas turísticas (aloxamento, guías, actividades,...).
CODIFICACIÓN	E3.A08	E4.A10	E4.A13	E4.A16	E4.18

Para superar a grave situación económica que desencadeou a pandemia do COVID 19 a Comisión Europea, o Parlamento Europeo e o Consello da Unión Europea acordaron un plan de recuperación para saír desta crise e sentar as bases para unha Europa moderna e máis sostible. Por iso, o Consello Europeo puxo en marcha a iniciativa **NEXT GENERATION EU (NGEU)**, estruturada en varios instrumentos, sendo un dos de maior volume o **Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR)**. En España, o MRR materialízase a través do **Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)**, cuxa quinta política denomínase *“Modernización e dixitalización do tecido industrial e da PEME, recuperación do turismo e impulso a unha España Nación Emprendedora”* comprendendo as actuacións referidas ao sector turístico, a través do Compoñente 14: *“Plan de modernización e competitividade do sector turístico”*, cuxo obxectivo principal é transformar e modernizar o sector turístico en España a través da sostibilidade e a dixitalización, aumentando a súa competitividade e resiliencia.

O Compoñente 14, á súa vez, está integrado por reformas e investimentos, sendo o **Investimento 1: “Transformación do modelo turístico cara á sostibilidade”-Submedida 2** a destinada aos **Plans de sostibilidade turística en destino (PSTD)** cuxa finalidade é acometer actuacións transformadoras no sector turístico nos ámbitos da transición verde, a eficiencia enerxética, a transición dixital e a mellora da competitividade turística. Estes PSTD forman parte dos Plans territoriais de sostibilidade turística en destinos (PTST) elaborados a través dun proceso participativo e de colaboración entre as tres administracións públicas competentes (Administración xeral do Estado, comunidades autónomas e entidades locais) e os diferentes



actores públicos e privados do ecosistema turístico do destino e son financiados con cargo ao **Programa Extraordinario**.

O **PSTD Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal** foi presentado na Convocatoria extraordinaria do ano 2021 sendo aceptado para o seu financiamento na *Resolución do 11 de abril de 2022, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 29 de marzo de 2022 polo que se modifica o do 21 de decembro de 2021, polo que se fixan os criterios de distribución, así como a repartición resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 Inversión 1 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia*. (BOE núm. 90, do 15 de abril de 2022; páxina 52.375 a 52.403). O PSTD Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal foi dotado cun orzamento de 1.500.000 euros.

Para a súa execución, a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación provincial da Coruña asinaron o **Convenio para a execución do PSTD Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal** o día 5 de outubro de 2022. Este convenio establece como “*órgano de control e resolución de canto cuestións se susciten ao redor da interpretación e aplicación da execución do presente convenio*” a constitución da Comisión de seguimento (cláusula 9), tendo asignadas as funcións de vixilancia, control, seguimento e resolución de dúbidas.

O PSTD Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal enfócase no deseño e a posta en marcha dun produto turístico especializado baseado no xeoturismo como eixo condutor sobre o que desenvolver unha estratexia de dinamización e desenvolvemento sostible; así, a partir da excepcional riqueza xeolóxica, natural e cultural do territorio créase un relato diferenciado e integrador sobre o que explorar, desenvolver e promover a relación entre o patrimonio xeolóxico e o resto de recursos e aspectos singulares deste destino.

O ámbito de actuación deste PSTD comprende o territorio dos concellos (7) de Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira, San Sadurniño e Valdoviño e correspóndese co recentemente nomeado **Xeoparque Mundial da UNESCO Cabo Ortegal**, un territorio de aproximadamente 799 km² que forma parte do Complexo Xeolóxico de Cabo Ortegal e onde se localizan 52 Lugares de interese xeolóxico dos que polo menos seis ten unha relevancia internacional. Iso vén propiciado porque se poden ver en superficie rochas que habitualmente se atopan no manto da Terra, a máis de 70 km de profundidade.

A súa declaración baséase no cumprimento de tres principios básicos sustentados por outros tantos piares de creación e funcionamento dos xeoparques:

- a existencia dun **patrimonio xeolóxico** que sirva de protagonista e eixo condutor;
- a posta en marcha de iniciativas de xeoconservación e divulgación; e
- o fomento do **desenvolvemento** socioeconómico e cultural a escala **local**.

No referente ao **desenvolvemento local**, este enténdese como un proceso de enfoque multidimensional e cuxo fin é o desenvolvemento integrado e sostible dun territorio. Así, como no que se refire ao patrimonio xeolóxico e a xeoconservación, no desenvolvemento local, os xeoparques aplican a visión “de abaixo a arriba”, é dicir, facilitando a participación dos axentes locais para xerar novas oportunidades e inspirar novas actividades para avanzar na súa construción e a súa cohesión, traballando coa poboación local, as empresas locais e outros



actores que interveñen na planificación turística para promover e apoiar a creación de novos produtos vinculados ao patrimonio xeolóxico.

Esta contratación persegue ese desenvolvemento local, implicando desde o primeiro momento aos axentes do territorio, creando unha contorna participativa que promova a execución de intervencións expostas “de abaixo a arriba”. Ademais dos beneficios na vertente turística, as actividades que se propoñan están dirixidas a mellorar a calidade e o nivel de vida dos cidadáns, a reducir a dependencia co exterior, a reforzar o espírito colectivo, a crecer e xerar máis emprego, a conservar o medio natural e desenvolver a cultura de comunidade.

O PSTD configúrase mediante 26 actuacións igualmente estruturadas nos catro eixes expostos con anterioridade: transición verde e sostible, eficiencia enerxética, transición dixital e mellora da competitividade turística. Cinco destas actuacións necesitan a elaboración previa de estudos do territorio que **determinen cales son os axentes involucrados en cada actuación, as actividades para desenvolver dentro de cada unha delas, o orzamento asignado a cada unha das actividades propostas, o cronograma de realización e calquera especificidade que deba ser contemplada tendo en conta as características particulares** para as seguintes actuacións contempladas no PSTD Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal (C14.I01.P02.S18.S03), sufragado con fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU (C14.I01.P02 - Plans de Sostibilidade Turística PRTR - Adxudicación 2021, Supbroxecto C14.I01.P02.S18 - Plan Territorial Galicia 2021):

- Formación e asesoramento para a mellora do posicionamento do destino en *Google Travel Journey*.
- Implantación de indicadores ETIS (*European Tourism indicator system*) e modelo de xestión DTS.
- Creación dunha Rede de centros de interpretación do Xeoparque Cabo Ortegal.
- Promoción da gastronomía e dos produtos agroalimentarios locais.
- Plan de mellora e acreditación de pequenas empresas turísticas (aloxamentos, guías, actividades,... con especial atención a aquelas empresas xa existentes que presten servizos relacionados coa promoción de produtos locais e a produción artesanal.

Plan de recuperación, transformación e Resiliencia-Financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU